



Bases da promoción “SINTE O AMOR DO COMERCIO LOCAL”.

1.- OBXECTO

A Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), a través das asociacións locais de comerciantes de Bueu (ACIBU), Cangas (ACICA) e Moaña (ACIMO), desenvolverá **do 3 ao 15 de febreiro de 2025**, ambos inclusive, a promoción “**SINTE O AMOR DO COMERCIO LOCAL**” (de aquí en diante **CAMPAÑA**). Esta Campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados adheridos, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

2.- ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na Federación a través das súas asociacións, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos atópanse abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado).

As bases estarán publicadas e dispoñibles nas páxinas webs www.fecimo.es e www.comerciodomorrazo.com.

3.- PREMIOS

Os premios que constitúen a presente campaña consisten en tarxetas regalo do comercio local* para mercar nos establecementos adheridos á campaña, por un importe total bruto antes de retencións/ingresos a conta de **750€**, repartidos da seguinte forma:

PREMIOS SORTEO FIN DE CAMPAÑA Aportados pola organización:

- **Tarxetas regalo por importe de 750€.** (A distribución realizarase en sorteos de 250€ por localidade e o número final de premios entregados por sorteo será o resultante da suma das operacións premiadas no sorteo ata acadar o límite orzamentario por sorteo).

Os importes individuais de cada premio coincidirán co importe do ticket/factura de compra rexistrada, cos seguintes límites:

- Importe máximo de premio individual: **100€.** **Todos os tickets/facturas de compra de importe superior a 100€ poderán participar na campaña pero o importe máximo de premio a recibir será de 100€).**

*FECIMO resérvase o dereito a entregar aos gañadores outro premio de iguais ou similares características.

4.- DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas adheridas. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha



compra ou servizo no comercio ou empresa asociada participante durante o período de vixencia da promoción (**do 3 ao 15 de febreiro de 2025**).

A cada cliente por cada compra superior a 10 € entregaráselle o seu correspondente ticket ou factura de compra, válida para un só uso, que o consumidor poderá rexistrar calquera día da semana, as 24 horas do día e **ata ás 23:59 h do 15 de febreiro de 2025** a través da web:

www.comerciodomorrazo.com/sorteos.

Chegado ese momento, rematará a posibilidade de que os participantes continúen rexistrando participacións.

Aquelas persoas que non conten con medios técnicos ao seu alcance, poderán acudir á sede de FECIMO para rexistrar a súa participación.

Para participar os usuarios deberán introducir, **OBRIGATORIAMENTE, o número de ticket ou factura de compra, seleccionar o establecemento ao que pertence o ticket** xunto coa seguinte información:

- **NOME e APELIDOS**
- **TELÉFONO de contacto**
- **E-MAIL para notificacións**
- **LOCALIDADE DE RESIDENCIA**

Unha vez cumplimentados os campos requeridos de xeito correcto, o sistema rexistrará a participación na base de datos do sorteo. Na promoción entran en xogo todos os tickets rexistrados (emitidos en tempo e forma polos establecementos participantes), polo que cantos máis tickets/facturas teña unha persoa rexistrados, máis posibilidades terá de resultar premiada/o.

Os gañadores serán publicados nas páxinas web www.fecimo.es e www.comerciodomorrazo.com e en **redes sociais**, e serán contactados polo promotor dacordo cos datos do rexistro.

É imprescindible gardar o TICKET ou FACTURA de compra posto que solicitaráselle, se resulta premiada/o.

Cada cliente poderá participar tantas veces como tickets/facturas obteña mediante a compra ou contratación de servizos, aumentando deste xeito as súas probabilidades de resultar agraciado cun premio.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estrito respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante rexistrárase con datos falsos, e-mail falso ou do que non é



titular, ou utilizara de xeito inadecuado tecnoloxía informática para acadar obxectivos fraudulentos, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descualificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, FECIMO, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

5.- PROCEDEMENTO DO SORTEO.

SORTEO PREMIOS FINAIS

O sorteo realizaranse o día 17 de febreiro ás 12:00h na sede da Federación na Avda de Vigo nº 91-baixo (Cangas do Morrazo). Se por mor de causas alleas á organización non se puidera levar a cabo o sorteo na data indicada, a organización realizará o sorteo na primeira data libre unha vez solventada a incidencia que dese lugar á demora. Neste sorteo participarán todos os tickets/facturas rexistrados no sistema no período comprendido entre o 3 e o 15 de febreiro.

O sistema de SORTEO será o seguinte:

- 1.- O sistema, extraerá ALEATORIAMENTE, un rexistro (ticket rexistrado) da base de datos.
- 2.- O sistema descontará o importe declarado no ticket/factura de compra rexistrada, do orzamento de premios do sorteo en vigor.
- 3.- O sistema seguirá extraendo aleatoriamente rexistros (premios) ate que o orzamento de premios sexa 0€, é dicir, se acaden os 750€ en premios entre as 3 localidades.

6.- ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

Para a entrega dos **PREMIOS**, unha vez o sistema detecte que o participante obtivo un premio, automaticamente enviaráselle unha mensaxe por e-mail (ao enderezo de e-mail facilitado no rexistro) acreditándoo como premiado/a. No prazo de 10 días hábiles o premiado deberá confirmar a aceptación do premio identificándose ante FECIMO (vía e-mail) séndolle requerido nese momento a presentación do ticket/factura de compra premiada co fin de comprobar a veracidade dos datos introducidos no rexistro. No suposto de que o gañador non aceptara o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puidera ser localizado mediante os datos facilitados o premio quedará deserto e acumularase para o seguinte sorteo quincenal en vigor.

Ningún dos premios da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación o cesión a petición dos gañadores.

Os gañadores/as de calquera dos premios deberán gastalos nos establecementos adheridos á campaña, nun prazo de **1 MES dende a obtención do premio.**



7.- OUTRAS CONDICIÓN DOS PREMIOS

En calquera dos casos, os premiados deberán entregar o ticket/factura de compra premiado, nos prazos establecidos previamente para a identificación do premiado.

Unicamente será decisión de FECIMO, non requirilo, no caso en que outras circunstancias de clara evidencia, acrediten a condición de premiado.

FECIMO resérvase o dereito a non aceptar tickets/facturas de compra ilexibles, manipulados, falsos ou con calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción.

O período de reclamacións ao promotor finaliza en 10 días hábiles transcorridos dende a comunicación ao gañador.

8.- LIMITACIÓN PARA PARTICIPAR

FECIMO resérvase o dereito, se concorre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción.

A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, FECIMO, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométese a admitir a decisión interpretativa que FECIMO poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

O gañador de calquera dos premios non poderá ser o propietario/titular/socio, os seus empregados, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente (fillos/pais) do establecemento onde fora entregado o ticket de compra.

Dada a imposibilidade material por parte de FECIMO de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera delas agraciadas e de coñecerse tal circunstancia, excluírase como premiado quedando dito premio deserto.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou titor legal.

9.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- FECIMO non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- FECIMO non será responsable se o ticket/factura de compra é ilexible,



incorrecto, está danado, perdeuse, sustraíuse ou calquera outra circunstancia allea ao promotor que anule o dereito do gañador a reclamar o premio.

- FECIMO non será responsable por danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade das redes de telecomunicacións ou a web ou o microsite mediante o cal participa na promoción.
- FECIMO non será responsable se ao tratar de contactar co teléfono do gañador ou o seu correo electrónico están fora de servizo ou non reciben axeitadamente.

10.- DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES.

10.1._ REPERCUSIÓN FISCAL

FECIMO non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei correspóndalle satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

a) De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a **Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF**, modificada pola Lei 26/2014 de 27 de novembro, o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF, o Real Decreto 2004/2009 de 23 de decembro e o **Real Decreto-Ley 9/2015** que modifica o anterior.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

b) Con independencia do establecido no punto anterior, o premiado queda obrigado ao cumprimento das súas obrigas contables e fiscais. En concreto, e como suxeito beneficiario do premio deberá declarar e incorporar na súa base imponible xeral do seu IRPF, a valoración neta do premio.

c) FECIMO queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

10.2._ TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A ORGANIZACIÓN respecta a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a privacidade dos usuarios e o secreto e seguridade dos datos persoais, de conformidade co establecido na lexislación aplicable en materia de protección de datos, en concreto, a Lei Orgánica de 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD), adoptando para iso as medidas técnicas e organizativas necesarias para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais facilitados, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos aos que están expostos.

En concreto, infórmase os usuarios do portal que os seus datos de carácter persoal só poderán obterse para o seu tratamento cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveron.



A ORGANIZACIÓN informa de que os datos proporcionados por calquera medio polos participantes da promoción na web www.comerciodomorrazo.com serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Establecese como puntos de contacto para os interesados o seguinte correo electrónico fecimo@fecimo.es Así mesmo, establececese como punto de contacto presencial para os interesados o seguinte domicilio, Avda de Vigo nº 91-baixo, 36940 Cangas (Pontevedra).

A ORGANIZACIÓN adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

10.3 CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores nesta promoción autorizan a que se tomen fotografías e se graven imaxes en soporte audiovisual así como a súa reprodución, uso, e difusión do seu nome, apelidos e imaxen en calquera actividade publicitaria e/ou promocional relacionada coa promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración económica ou en especie ou beneficio algún.

A cesión inclúe os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública de gravacións ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio exclusivamente relacionadas con este certame, sen restricción algunha, no seu estado orixinal ou procesadas e alteradas de calquera xeito, en todo ou en parte, en calquera medio visual, impreso ou electrónico presente ou que se poida desenvolver no futuro como serían entre outros, exposicións, revistas, libros, diarios, televisión, valores publicitarios, folletos, puntos de venda, CD Rom ou DVD, sitios de Internet ou similares, con calquera obxecto lícito o que inclúe, entre outros, publicidade, promocións, contido editorial e anuncios.

10.4 ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a ORGANIZACIÓN. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación expresa no momento de validación de códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases pola ORGANIZACIÓN, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Cangas do Morrazo, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Cangas, a 30 de xaneiro de 2025